



# IDEARIO DA NOSA MISIÓN

## TERCIARIOS CAPUCHINOS

### AMIGONIANOS

## 0. PRESENTACIÓN

Os novos tempos que vive o home puxeron de relevo a fonda preocupación da sociedade pola educación das futuras xeracións.

A Igrexa sente vivamente ese problema, que tan directamente afecta ós nenos e á xuventude.

A SOCIEDADE AMIGONIANA, entidade educadora, ofrece una opción válida e axeitada ás existencias e aspiracións da xuventude desviada do camiño da verdade e do ben.

## 1. FUNDAMENTOS

- 1.1 Toda persoa ten dereito a unha formación humana integral e o desenvolvemento armónico da personalidade, en igualdade de oportunidades e acomodada ás peculiaridades de cada individuo.
- 1.2 A nosa misión educadora comprende o tratamento e rehabilitación da persoa, actuando sobre todo o que poida impedir ou perxudicar a súa realización.
- 1.3 A nosa acción ven inspirada por:
  - 1.3.1. O concepto cristián de existencia do home.
  - 1.3.2. A declaración dos dereitos do neno.
  - 1.3.3. As ciencias técnicas da educación.
  - 1.3.4 . Os principios inalienables da individualidade.

## 2. AMBITO EDUCATIVO

- 2.1 O noso campo de acción comprende todas as actividades capaces de liberar ós xóvenes da problemática na que se atopan inmersos, xa sexa de orde persoal, familiar ou social e, sobre todo, cando deriva nun conflito consigo mesmo ou co seu entorno social.
- 2.2 Esta declaración servímola tanto a nivel persoal como institucional.



### **3. OBXETIVOS**

- 3.1 Os obxetivos manan dos dereitos, necesidades, características e problemáticas propias do individuo e da sociedade.
- 3.2 Como obxetivo final temos a readaptación e reinserción do xoven no seu medio socio-familiar.
- 3.3 Como obxetivos inmediatos:
  - 3.3.1.1.O desenvolvemento da personalidade do neno e do xoven en situación do disfrute seguro e feliz da súa existencia.
  - 3.3.1.2.O ofrecemento de pautas de valoración real e experimental do seu ser e a creación de novos modelos de identificación persoal, familiar e social.
  - 3.3.1.3.A integración progresiva e participación plena e responsable nas estruturas e dinámicas do seu entorno.
  - 3.3.1.4.O fomento do desenvolvemento cultural e humano e a adopción de criterios éticos que dirixan o seu comportamento persoal, cívico e laboral.
  - 3.3.1.5.A capacidade profesional, como apoio liberador da súa frustración e valía significativa na sociedade.
  - 3.3.1.6.Potenciar a persoa na súa dimensión transcendente, con respecto ás variadas opcións éticas, políticas e relixiosas.

### **4. MEDIOS**

- 4.1 Partindo do coñecemento real das alteracións e problemática do neno e especialmente das causas que as determinan, organizamos a planificación dos sistemas e medios adecuados, integrados nun coherente proceso educativo.
  - 4.1.1.1. Diagnóstico.
  - 4.1.1.2.Persuasión e convicción.
  - 4.1.1.3.Convivencia e interrelación.
  - 4.1.1.4.Esfuerzo programado e progresivo.
  - 4.1.1.5.Satisfacción das demandas internas e exisencias externas.
  - 4.1.1.6.Integración persoal, familiar e social.



## 5. TRATAMIENTO

- 5.1 O período de reeducación ten por obxeto a aplicación do tratamento axeitado en conformidade co diagnóstico psicopedagóxico.
- 5.2 O tratamento é administrado en etapas sucesivas de ENCAUZAMENTO, AFIANZAMENTO e ROBUSTECIMIENTO, centrando esencialmente a atención nunha terapia individualizada gradual e dosificada.
- 5.3 O proceso educativo realízase nun clima e ambiente agradable, aberto e familiar, tendo sempre en conta a evolución das ciencias psicopedagóxicas e as técnicas de modificación de conducta.
- 5.4 O xoven participa como autor do seu éxito ou fracaso. Mediante un comportamento codificado, alcanza progresivamente a súa propia liberación persoal e a plena reinserción familiar e social.
- 5.5 A finalidade última, que se propón o educador amigoniano dentro do grupo educativo de inadaptados sociais, é a de conducir a todos e cada un dos seus alumnos a unha progresiva socialización, axudándolles a adquirir madurez e autonomía, e tendo sempre presente que preparámoslos non para vivir no grupo, senón na sociedade.

## 6. COMUNIDADE EDUCATIVA

- 6.1 Entendemos a educación como acción integradora de todas as forzas que cooperan na plenitude do individuo, especialmente impulsada en equipo polos compoñentes da comunidade educativa, que ofrecen a súa adhesión a este IDEARIO.